



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colexio de Educación Infantil e Primaria
"As Forcadas"

Rúa As Forcadas s/n
15114 Corme-Porto
☎ 881880930 📠 881880931
ceip.asforcadas@edu.xunta.es

Nenas e nenos!

Temos que anunciarvos que George Forcadas, a nosa querida mascota da biblio, decidiu tomarse unhas vacacións indefinidas. Lonxe da nosa biblio... Ante este contratempo precisamos da vosa axuda para traer unha mascota á nosa biblio.

Como acabamos de ver, as nosas rías, praias e casas están ateigadas de refugallos aos que lles debemos dar unha segunda vida. Animámosvos a traer as vosas propostas de mascotas empregando estes materiais. Teredes todo o Nadal por diante e á volta faremos unha exposición na que coñeceremos a biografía de cada unha delas.

Polo tanto, cada mascota debería vir acompañada do nome e a súa historia de vida.

A biblioteca recibirá moi leda a chegada dunha nova integrante a nosa comunidade!!

O Equipo de Biblioteca